



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro     | Concello | Ano académico |
|----------|------------|----------|---------------|
| 15021469 | CIFP Leixa | Ferrol   | 2025/2026     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                                        | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|--------------------------------------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| ARG                           | Artes gráficas      | CSARG02                   | Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                                                            | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------------------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1485       | Desenvolvemento e publicación de produtos editoriais multimedia | 2025/2026 |                  | 140          |                |
| MP1485_12    | Elaboración de produtos editoriais multimedia                   | 2025/2026 |                  | 90           |                |
| MP1485_22    | Verificación e mantemento de produtos editoriais multimedia     | 2025/2026 |                  | 50           |                |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                                                 |
|--------------------------------|-------------------------------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARCO NISI GALDO,ÁLVARO PIROLA LORENZO (Subst.) |
| Outro profesorado              |                                                 |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



## **2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

### **2.1. Primeira parte da proba**

#### **2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                                                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1485_12) RA1 - Desenvolve prototipos de produtos editoriais multimedia, ensamblando elementos e facendo uso de ferramentas de autoría, e linguaxes de marcas, de presentación e de transformación                            |
| (MP1485_22) RA1 - Verifica produtos editoriais multimedia, para o que realiza as revisións e os casos de proba necesarios, e corrixe os erros en relación coas características do produto                                       |
| (MP1485_12) RA2 - Desenvolve a funcionalidade prevista para os elementos de navegación, interacción e control de produtos editoriais multimedia, facendo uso das linguaxes, dos comportamentos e do código correspondente       |
| (MP1485_22) RA2 - Elabora os manuais de usuario/a, técnicos e de mantemento de produtos editoriais multimedia, facendo uso de técnicas de documentación de proxectos e aplicacións de edición de sistemas interactivos de axuda |
| (MP1485_12) RA3 - Realiza a publicación, a actualización e o mantemento de produtos editoriais multimedia, e adáptaos á plataforma de distribución final do produto                                                             |

#### **2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1485_12) CA1.1 Configúrase o contorno de produción ou desenvolvemento consonte os requisitos de operación e seguridade acordados                          |
| (MP1485_22) CA1.1 Elaboráronse informes de revisión dos produtos intermedios que rexistren as incidencias e, de ser o caso, as listas de accións correctivas |
| (MP1485_22) CA1.3 Verifícase o funcionamento de cada compoñente individual logo de codificado, empregando probas unitarias de caixa branca e caixa negra     |
| (MP1485_22) CA1.4 Verifícase a ensamblaxe e a interacción entre os compoñentes, empregando probas de integración                                             |
| (MP1485_22) CA1.5 Verifícase o funcionamento correcto das interfaces entre os subsistemas e cos sistemas cos que se comunica                                 |
| (MP1485_22) CA1.6 Verifícase o funcionamento correcto no contorno real de operación, analizando os resultados das probas de implantación                     |
| (MP1485_22) CA1.7 Verifícase que o produto final teña o funcionamento e o rendemento esperados, empregando probas de aceptación                              |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1485_22) CA1.8 Verifícase que os cambios sobre un compoñente non introduzan erros nin comportamentos anómalos, empregando probas de regresión                 |
| (MP1485_22) CA1.9 Corríxense os defectos ou erros e repetéronse as probas que os detectaron e, de ser o caso, outros casos de proba xa realizados                |
| (MP1485_12) CA2.1 Identifícase a parte da funcionalidade que xestiona o acceso á información e a que parte xestiona a presentación de información                |
| (MP1485_22) CA2.1 Determinouse a documentación necesaria para facilitar a operación, o mantemento e o uso dos produtos editoriais multimedia                     |
| (MP1485_22) CA2.2 Determináronse os estándares que se deben seguir na elaboración, e o formato, a estrutura e o soporte en que se vaian xerar os manuais         |
| (MP1485_22) CA2.6 Compílanse os informes resultantes das revisións formais e técnicas, e confeccionouse o expediente de aseguramento da calidade                 |
| (MP1485_12) CA2.7 Paramétrizouse no contexto do diálogo o tratamento das excepcións, as mensaxes de erro, aviso ou advertencia, e a axuda                        |
| (MP1485_22) CA2.7 Localizáronse, indexáronse e documentáronse os elementos do proxecto susceptibles de mellora e os reutilizables noutros proxectos              |
| (MP1485_12) CA2.8 Comentouse o código para facilitar a súa comprensión polo resto de participantes no desenvolvemento do produto, e a súa eventual reutilización |
| (MP1485_22) CA2.8 Realizouse o balance final, actualizouse o histórico de proxectos e arquivouse adecuadamente toda a documentación utilizada ou xerada          |
| (MP1485_12) CA3.1 Identifícanse as necesidades de hardware e software adicional, para a publicación, a actualización e o mantemento de produtos                  |
| (MP1485_12) CA3.2 Configurouse o contorno de utilización ou despregamento para a publicación, a actualización e o mantemento de produtos                         |
| (MP1485_12) CA3.3 Validouse a accesibilidade dos produtos editoriais multimedia e, de ser o caso, adaptáronse ao contorno ou á plataforma de distribución final  |
| (MP1485_12) CA3.7 Identifícanse os acordos de prestación de servizos, de xestión de operacións e de soporte a usuarios/as do plan de mantemento                  |
| (MP1485_12) CA3.8 Rexistráronse as peticións de cambios e mantemento, o seu tipo (correctivo, evolutivo, adaptativo ou perfectivo), a descrición e a prioridade  |
| (MP1485_12) CA3.10 Identifícanse os factores da publicación que inflúen na seguridade, na saúde e na protección ambiental no proceso                             |



## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                                                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1485_12) RA1 - Desenvolve prototipos de produtos editoriais multimedia, ensamblando elementos e facendo uso de ferramentas de autoría, e linguaxes de marcas, de presentación e de transformación                            |
| (MP1485_22) RA1 - Verifica produtos editoriais multimedia, para o que realiza as revisións e os casos de proba necesarios, e corrixe os erros en relación coas características do produto                                       |
| (MP1485_12) RA2 - Desenvolve a funcionalidade prevista para os elementos de navegación, interacción e control de produtos editoriais multimedia, facendo uso das linguaxes, dos comportamentos e do código correspondente       |
| (MP1485_22) RA2 - Elabora os manuais de usuario/a, técnicos e de mantemento de produtos editoriais multimedia, facendo uso de técnicas de documentación de proxectos e aplicacións de edición de sistemas interactivos de axuda |
| (MP1485_12) RA3 - Realiza a publicación, a actualización e o mantemento de produtos editoriais multimedia, e adáptaos á plataforma de distribución final do produto                                                             |

### **2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1485_12) CA1.2 Desenvolvéronse prototipos de produtos editoriais multimedia a partir das súas especificacións, o libro de estilo e bosquejos das pantallas                |
| (MP1485_22) CA1.2 Realizáronse os casos de probas necesarios ao longo do ciclo de vida do proxecto, e comprobouse o seu axuste aos requisitos especificados                  |
| (MP1485_12) CA1.3 Desenvolvéronse prototipos de produtos editoriais multimedia e valorouse a aplicabilidade de ferramentas de autoría                                        |
| (MP1485_12) CA1.4 Desenvolvéronse prototipos de produtos facendo uso de linguaxes de marcas, de presentación e de transformación                                             |
| (MP1485_12) CA1.5 Modificáronse prototipos, a partir de documentos estruturados, aplicando regras de follas de estilo para facilitar os cambios                              |
| (MP1485_12) CA1.6 Empregáronse follas de estilo ou transformacións para a adaptación e a adecuación da presentación a distintos dispositivos de saída                        |
| (MP1485_12) CA1.7 Ensablouse espacialmente e temporalmente o conxunto optimizado de elementos gráficos e multimedia, simulando a súa funcionalidade e control                |
| (MP1485_12) CA1.8 Empregáronse os prototipos para suscitar a eficiencia do/da usuario/a final, e rexistráronse as súas dificultades, os comentarios e os posibles requisitos |
| (MP1485_22) CA1.10 Comprobouse que un produto editorial multimedia publicado teña o mesmo aspecto e comportamento que sen publicar                                           |



| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                                                                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1485_12) CA2.2 Desenvolveuse a funcionalidade requirida para o correcto comportamento da interface e a xestión dos eventos e as accións                                                                             |
| (MP1485_12) CA2.3 Materializouse o modelo de navegación analizando as secuencias e a especificación do comportamento dinámico da interface                                                                             |
| (MP1485_22) CA2.3 Elaborouse o manual de usuario/a ou axuda en soporte dixital e valorouse a súa integración no produto para a eficiencia do/a usuario/a final                                                         |
| (MP1485_12) CA2.4 Dotáronse de funcionalidade os elementos de interacción e control, empregando linguaxes, comportamentos ou coleccións de código                                                                      |
| (MP1485_22) CA2.4 Comprobase que os manuais se describiran de xeito claro, conciso e didáctico, e verificouse o seu axuste aos criterios establecidos                                                                  |
| (MP1485_12) CA2.5 Desenvolvéronse outras funcionalidades relacionadas co envío de datos ou mensaxes a outros compoñentes, co envío e a validación de formularios ou coa visualización dinámica de pantallas ou páxinas |
| (MP1485_22) CA2.5 Garantíronse os mecanismos de distribución e mantemento das versións adecuadas dos produtos e dos manuais necesarios                                                                                 |
| (MP1485_12) CA2.6 Adaptáronse guións garantindo a integridade e a operatividade do código, sen comprometer o funcionamento doutros compoñentes                                                                         |
| (MP1485_12) CA2.9 Xeráronse páxinas web dinámicas a partir de consultas nunha base de datos                                                                                                                            |
| (MP1485_12) CA3.4 Empregáronse as ferramentas de gravación necesarias para a publicación de produtos en soportes físicos de almacenamento dixital                                                                      |
| (MP1485_12) CA3.5 Empregáronse as ferramentas en liña ou de transferencia de información necesarias para a publicación de produtos en internet                                                                         |
| (MP1485_12) CA3.6 Verificouse o cumprimento dos requisitos de produtos publicados empregando os casos de probas necesarios                                                                                             |
| (MP1485_12) CA3.9 Verificáronse as peticións de cambio e mantemento, analizando a súa criticidade, e fixéronse o prazo e a urxencia da solución á petición                                                             |

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### MÍNIMOS EXIXIBLES

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación pódense resumir en:



Desenvolver de forma eficiente produtos multimedia a partir de proxectos editoriais, destinados a contornas web ou a soportes físicos dixitais:

- Determinando os aspectos de funcionalidade, interacción e usabilidade
- Ensamblando os elementos gráficos e multimedia necesarios para obter o produto
- Xestionando e controlando a calidade do produto editorial multimedia.

Para o que o alumno debe:

Dentro da primeira unidade formativa:

- Desenvolver prototipos de produtos editoriais multimedia con ferramentas de autor e linguaxes de marca.
- Implementar a funcionalidade do produto multimedia en función do produto especificado.
- Publicar produtos editoriais multimedia nas plataformas de distribución definidas.
- Actualizar e manter os produtos editoriais multimedia.

Dentro da segunda unidade formativa:

- Realizar as verificacións e as probas necesarias para o correcto funcionamento do produto editorial multimedia.
- Saber elaborar a documentación necesaria para o correcto funcionamento do produto final.

**AVALIACIÓN:**

Farase mediante dúas probas obxectivas: Unha teórica (50% da nota) e outra práctica (50% da nota). Tal e como se indica no apartado 4. Proba e instrumentos...

En cada unha poñerase unha nota de 0 a 10, sendo preciso ter un 5 en cada una de elas para superar o módulo.

#### **4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

##### **4.a) Primeira parte da proba**

A primeira parte da proba será un cuestionario teórico de tipo test. As preguntas correctas valerán un punto, as preguntas incorrectas restarán 0,25 puntos, as preguntas de multiple resposta restarán 0,15 puntos e as non contestadas cualificaranse con cero puntos.

A proba terá unha duración prevista entre 60 minutos e puntuarase de 0 a 10, tendo que chegar a un 5 para superar o módulo.



Para o desenvolto desta proba o alumno só deberá traer bolígrafo, lápis, goma de borrar, e calculadora.

Esta parte da proba corresponderá ao 50% da cualificación total.

#### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos propostos. A proba, poderá dividirse en dúas partes segundo os módulos MP1485\_12 e MP1485\_22. Cada unha das partes puntarase de 0 a 10, sendo a nota final da práctica, a media aritmética das dúas. Tal e como se indicou no apartado 3, salvo decisión motivada do profesor, será requisito acadar unha nota mínima de 5 para facer media. Se unha das partes non chega a 5 o módulo considerárase NON superado.

A duración da proba será de 180 minutos podendo prolongarse se o profesor así o considera oportuno.

Na proba o alumno terá que resolver unha serie de cuestións prácticas usando ferramenta e equipamento informático que serán postos a súa disposición polo centro.

O alumno deberá traer bolígrafo azul, lápis, goma de borrar, e calculadora. O alumno deberá consultar co profesor o uso de calquera outro material e de non ser así, poderá quedar excluído da proba.

Esta proba práctica corresponderá ao 50% da cualificación final.